



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A Axencia Galega de Innovación (GAIN) presenta o vindeiro [venres 6 de febreiro o Plan de Acción do CIS Galicia](#), que a partir de agora centrará a súa actividade en **prestar servizos avanzados ás pemes galegas para que incorporen as tecnoloxías facilitadoras e as tecnoloxías da fábrica do futuro.**

O CIS Galicia veuse dotando dos equipamentos e dos profesionais necesarios para apoiar o tecido empresarial galego, en especial as pemes, na súa integración na industria 4.0. A súa **misión** será realizar unha labor intensiva de **formación e difusión de tecnoloxías punteiras** e tamén da **demonstración destas sobre o terreo**, facilitando o escalado das tecnoloxías e a súa incorporación efectiva nas empresas.

No marco das tecnoloxías relacionadas coa **fábrica do futuro** están as relacionadas coa **realidade virtual e aumentada** e o **desenvolvemento de novas contornas e interfaces home-máquina**. O CIS Galicia está especializado no deseño e xeración de aplicacións baseadas nestas tecnoloxías e conta con instalacións como o **Centro Dixital Interactivo**, que xa se atopa a disposición das empresas co asesoramento dos expertos do CIS e que poderá visitarse durante o acto de presentación do novo plan de acción.

O reforzamento do papel do CIS Galicia como **dinamizador da transferencia de tecnoloxía** en colaboración con tódolos axentes do ecosistema galego de I+D+i, está xa en marcha con catro proxectos estratéxicos en sectores chave da economía galega: **a automoción, o naval, o turismo e o comercio**. Estas liñas de colaboración serán presentadas tamén durante a [xornada do 6 de febreiro](#) para que os asistentes poidan comprobar o novo potencial tecnolóxico do CIS Galicia.

Sen máis, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a informa.gain@xunta.es dende a conta na que desexe anular a suscripción.